

Ficha –Guía conceptual básica para desenvolver nos traballos:

Tarefa: apropiarse dos conceptos e procesos máis abaixo expresados para comprender, cercar, argumentar o percibido nas súas experiencias, reorientando a súa análise, valoración e argumentación de itinerarios, procederes, procedementos propios do comunitario e da comunicación comunitaria, facéndooos visibles nos seus traballos e recollendo novos achádegos que atravesan ou redefinen as comunidades e as relacións comunitarias.

Propósito: ir mudando a mirada progresivamente respecto da comunicación comunitaria, incorporándoa aos saberes da experiencia. Tamén a súa valorización fronte a modelos de interpretación e prácticas talvez inadecuadas ou inapropiadas, ou significativamente, non contrastadas coa realidade comunitaria. A ficha-guía ten un fin propedéutico. Doutra parte, significa aplicar o expresado no Tema II dos apuntamentos e relacionalo co método R+A, entregado na aula.

1.- Plano espacial.

a) Territorio.- refírese ao espazo tanto abstracto, como físico, a súa consideración administrativa, xeosimbólica ou de uso social, dependendo da forma de comunidade que o asuma, e así: local, barrial, rural, rexional,...; ou un escenario público, privado ou común, como oficinas, obradoiros, auditorios, prazas, escaleira de veciños, igrexas, memoriais ou conmemorativos, taberna, mercado, estudos de radio, lugar para roldas de prensa... Os territorios tamén son recreados e así xeran e producen atmósferas específicas, e interrelacionadas ás veces, para producir un determinado tipo de comunicación e de relacións humanas: conversa, debate, confrontamento, recollemento, matria, diáspora, lecer, traballo,...

b) Cobertura ou escada.- refírese ao efecto amplificador da acción emprendida pola comunidade e da súa difusión. Tamén significa ao/s dispositivo/s e medios ou recursos empregados nunha estratexia de amplificación, de distribución/difusión: boca a boca, satélite, dixital, rede social,... e á calidade técnica da súa recepción e ás condicións do seu uso.

2.- Plano relacional.

c) Participación.- relaciona ás débedas e dones que se reparten e comparten na comunidade a partires do/s compromiso/s adquirido/s, polos distintos actores involucrados en accións concretas, así como as formas de participación que a comunidade (ou os medios, ou os servizos comunitarios) habilita para organizarse e acadar consensos, para contrastar coa realidade e fixar metas.

d) Acceso.- define, dunha parte, os sistemas de control que a comunidade establece para a integración de persoas e de contidos, ou de apropiación dos seus recursos e capacidades. Pero tamén, sinala os distintos planos de liderado e xerarquía, de compartimentos sacros ou privativos no seo comunitario. Alude aos protocolos e cirimonias de iniciación e paso dun estado a outro no proceso comunitario.

e) Interese.- pregúntase polas carencias, débedas, necesidades, dones, recursos dos que dispón a comunidade e a pretensión de preservalos ou melloralos. O interese deliña estratexias e tácticas en situación, fai calibrar a posición da comunidade (medio ou servizo á comunidade, tamén) no conxunto social.

f) Proximidade.- define as relacións entre a comunidade, no sentido de pertenza a ela, mediante a afectividade, vinculos que teñen que ver cunha memoria común ou identificación coas súas ideas, pretensións, necesidade de solventar carencias, compartir cargas,... expresadas en mensaxes e accións no común, en común.

3) Plano discursivo.

g) Alternatividade.- refírese a ideas, propostas, procedementos, procederes, propios e diferenciais da comunidade (do medio ou do servizo, tamén), que representan un xeito propio de facer distinto a outras comunidades, ou á norma xeral da sociedade, do pensamento aceptado ou das institucións e organizacións sociais que poden influir no mundo do común. A alternatividade ten que ver coa resistencia da comunidade, pero tamén coa capacidade de negociación e permanencia.

h) Apropriación.- orientase á capacidade de procurarse recursos e bens para a subsistencia da forma de vida da comunidade e dos individuos que a conforman, buscando a súa mellora. Como a Alternatividade ten un sentido político, de construción, de aprendizaxe, de empoderamento. Os medios comunitarios en si mesmos son unha apropiación da comunidade para difundir a súa voz.

i) Recoñecemento.- é a validación de consensos e a valorización de procesos, actitudes e procedementos que a comunidade busca para reafirmarse ao traveso do uso das súas ideas, expresións, accións, recursos e medios postos en marcha.

l) Institucionalización.- refírese ao marco normativo, procedimental, protocolar, organizativo, que fai cristalizar á comunidade como grupo influente, referente, naqueles que forman parte dela, nas decisións sociais en xeral, ou en parte delas.

Outras conceptualizacións, procesos e atribucións por ver:

m) comprensión do contorno.- é importante coñecer a relación da comunidade co seu contorno, que discurso e uso fai del. Doutra parte, é tamén de relevo que o observador activo procure unha relación axeitada co contorno onde se introduce para analizar mellor as accións e prácticas das comunidades.

n) memoria e identidade.- refírese ao coñecemento dos antecedentes da comunidade e ás reaccións que manteñen os seus membros coa fundación e relacións mantidas dentre aqueles que a componen. Respecto da identidade convén analizar tamén o sentido de pertenza á comunidade que declaran os seus membros, cales son os motivos da súa permanencia.

ñ) cohesión e adhesión.- refírese á forma grupal, revisando os motivos de agrupamento, concretando ó redor do que se move tal unión, advertindo os matices diferenciais no seo do grupo e a disensión. Coñecer cales son os intereses ou motivos, ou procura de bens, polos que os membros decide adherirse e manterse no seo da comunidade.

o) sentido común.- refírese ao conxunto de saberes e prácticas da comunidade para chegar a acordos. Á capacidade de producir un discurso e unha atmósfera na que interveñen o xuízo, a intelixencia, a percepción e a reflexión para resolver os problemas cotiás con certa eficacia (C. Geertz).

p) decencia común.- segundo G. Orwell, é o proceso “moral” polo que os homes (neste caso, no seo da comunidade) afástanse de xeito natural e mundano do poder. En como se vinculan espontáneamente, coas súas prácticas e costumes, aos seus iguais sen disposición ó dominio. A decencia advirte interiormente o que non se debe inflixir ou padecer, na resolución da débeda social ou no intercambio de dones. Percibir, por tanto, esta “moral” no seo da comunidade é importante para poder recoñecer o espírito comunario do que se parte, ou se recoñece como marco de relacións.

q) diversidade.- é un dereito da comunidade e dos seus membros ser e estar de xeito diferente. Implica a tolerancia e a acción cultural de comunicarse e comunicar saberes e coñecementos, de aceptalos coma un ben, como riqueza da existencia humana.

r) resiliencia.- refírese á capacidade da comunidade (dos seus membros, dos seus medios) de resistir e ser flexible fronte a perturbacións externas e internas, sen mudar a súa estrutura e funcionalidade, ou readaptándose para recuperar de novo a súa esencia, a súa orixe.

s) rede social.- ten que ver coa adhesión ou adscripción persoal ou comunitaria. Coñecer a rede social que amplifica e determina as nosas accións é fulcral para comprender os vínculos que unen aos individuos nunha comunidade ou os adscribe a diversas comunidades, construindo o seu mundo da vida e fornecendo as súas expectativas. Para completar e comprender o concepto de rede social, ver o texto de C. Sluzki que próximamente remitirei.